

# Historia do mundo contemporáneo

## 1. CONCRECIÓN CURRICULAR.

### Lenda obxectivos:

- a) Exercer a cidadanía democrática
- b) Consolidar unha madureza persoal e social.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades.
- e) Dominar a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse en linguas estranxeiras.
- g) Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo. Participar no desenvolvemento do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais
- l) Comprender procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos.
- m) Afianzar o espírito emprendedor
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia

### Lenda competencias:

matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)  
aprender a aprender (CAA)  
social e cívica (CSC),  
tratamento da información e competencia dixital (CD)  
comunicación lingüística (CCL)  
sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).  
conciencia e expresións culturais (CCEC)

### **1.1 Secuencias de obxectivos, contidos e criterios de avaliación**

Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación

<b>Bloque 0. A historia contemporánea: o tempo histórico. Métodos e ferramentas propias da disciplina.</b>		
H,l,m	B0.1. Tempo histórico.	0.1. Recoñecer que os acontecementos e procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).
E,g,h,l,m,i	B0.2. Fontes históricas.	0.2. Localizar e seleccionar información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e secundarias (biblioteca, internet, etc.), e analizar a súa credibilidade.
E,h,i,n	B0.3. Vocabulario histórico e artístico da Idade Contemporánea.	0.3. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.

<b>Bloque 1. O Antigo Réxime</b>		
A,b,c,d,e,h	B1.1. Trazos do Antigo Réxime.	1.1. Definir e esquematizar os trazos do Antigo Réxime, describindo os seus aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais, utilizando diferentes tipos de diagramas.
A,b,c,d,e,h	B1.2. Transformacións no Antigo Réxime: economía, poboación e sociedade.	1.2. Distinguir as transformacións no Antigo Réxime enumerando as que afectan a economía, a poboación e a sociedade.
A,b,c,d,e,h	B1.3. Revolucións e parlamentarismo en Inglaterra.	1.3. Explicar o parlamentarismo inglés do século XVII resumindo as características esenciais do sistema e valorando o papel das revolucións para alcanzar as transformacións necesarias para logralo.
A,b,c,d,e,h	B1.4. O pensamento da Ilustración.	1.4. Relacionar as ideas da Ilustración co Liberalismo de comezo do século XIX, establecendo elementos de coincidencia entre ambas as ideoloxías.
A,b,c,d,e,g,h	B1.5. Relacións internacionais: equilibrio europeo.	1.5. Describir as relacións internacionais do Antigo Réxime demostrando a idea de equilibrio europeo.
A,b,c,d,e,h ,m,n	B1.6. Manifestacións artísticas do momento.	1.6. Diferenciar manifestacións artísticas do Antigo Réxime e seleccionar as obras máis destacadas.

\*A periodización complétase coas explicacións da profesora que contabilizadas como sesións poden estrar tres ou catro.

<b>Bloque 2. As revolucións industriais e as súas consecuencias sociais</b>		
A,b,c,d,e,h,l	B2.1. Revolución industrial: concepto, factores que a fan posible (económicos, sociais e ideolóxicos).	2.1. Obter información que permita explicar as revolucións industriais do século XIX, seleccionándoa das fontes bibliográficas ou en liña nas que se ache dispoñible.
A,b,c,d,e,h,l	B2.2. Revolución ou revolucións industriais: características. Transformacións	2.2. Describir as Revolucións Industriais do século XIX e establecer os seus

	técnicas e novas fontes de enerxía.	trazos característicos e as súas consecuencias sociais
A,b,c,d,e,g,h,m,p	B2.3. Protagonismo de Gran Bretaña e extensión do proceso de industrialización a outras zonas de Europa. Industrialización extraeuropea. Industrialización española e galega.	2.3. Enumerar os países que iniciaron a industrialización, localizalos adecuadamente e establecer as rexións onde se produce ese avance.
A,b,c,d,e,g,h,m,p	B2.4. Cambios debidos á Revolución Industrial: transportes, agricultura, poboación (migracións e novo concepto de cidade).	2.4. Identificar os cambios nos transportes, na agricultura e na poboación que influíron ou foron consecuencia da Revolución Industrial do século XIX.
A,b,c,d,e,g,h,m	B2.5. Economía industrial: pensamento e primeiras crises.	2.5. Analizar e seleccionar ideas que identifiquen as características da economía industrial e do liberalismo económico.
A,b,c,d,e,g,h,m	B2.6. Nacemento do proletariado e organización da clase obreira: orixes do sindicalismo e correntes de pensamento; partidos políticos obreiros.	2.6. Coñecer as correntes de pensamento que pretenden mellorar a situación da clase obreira do século XIX.
*A periodización complétase coas explicacións da profesora que contabilizadas como sesións poden estrar entre tres ou catro.		
<b>Bloque 3. A crise do Antigo Réxime</b>		
A,b,c,d,e,h,i	B3.1. Crise do Antigo Réxime: visión global.	3.1. Analizar a evolución política, económica, social, cultural e de pensamento que caracteriza a primeira metade do século XIX, distinguindo os feitos, os personaxes e os símbolos, e encadrándoos en cada variable analizada.
A,b,c,d,e,h,	B3.2. Nacemento dos EEUU.	3.2. Describir as causas e o desenvolvemento da independencia de Estados Unidos, e establecer as causas máis inmediatas e as etapas da independencia.
A,b,c,d,e,h,	B3.3. Revolución Francesa de 1789: aspectos políticos e sociais.	3.3. Explicar, a partir de información obtida en internet, a Revolución Francesa de 1789, incluíndo cada idea obtida nas causas, no desenvolvemento e nas consecuencias.
A,b,c,d,e,g,h	B3.4. Imperio Napoleónico.	3.4. Identificar o Imperio Napoleónico, localizar a súa expansión europea e establecer as súas consecuencias.
A,b,c,d,e,g,h	B3.5. O Congreso de Viena e o Absolutismo.	3.5. Analizar a transcendencia para Europa do Congreso de Viena e a restauración do absolutismo, e identificar as súas consecuencias para os países implicados.
A,b,c,d,e,h,p	B3.6. Revolucións liberais ou burguesas de 1820, 1830 e 1848. O caso español.	3.6. Identificar as revolucións burguesas de 1820, 1830 e 1848, e relacionar as súas causas e o seu desenvolvemento.

A,b,c,d,e,g,h	B3.7. O Nacionalismo: unificacións de Italia e Alemaña.	3.7. Coñecer o proceso de Unificación de Italia e Alemaña, obtendo o seu desenvolvemento a partir da análise de fontes gráficas.
A,b,c,d,e,g,h, m,n	B3.8. Cultura e Arte: Europa entre o neoclasicismo e o romanticismo.	3.8. Descubrir as manifestacións artísticas de comezos do século XIX, obtendo información de medios bibliográficos ou de internet e presentándoa adecuadamente.
A,b,c,d,e,h	B3.9. Independencia das colonias hispanoamericanas.	3.9. Analizar utilizando fontes gráficas a independencia de Hispanoamérica.
*A periodización complétase coas explicacións da profesora que contabilizadas como sesións poden ser unhas tres.		
<b>Bloque 4. A dominación europea do mundo e a I Guerra Mundial</b>		
A,b,c,d,e,g,h	B4.1. Tránsito do século XIX ao XX: visión global.	4.1. Describir as transformacións e os conflitos xurdidos a finais do século XIX e comezos do século XX, e distinguir o seu desenvolvemento e os factores desencadéante.
A,b,c,d,e,g,h	B4.2. Evolución dos principais Estados en Europa, América e Asia: Inglaterra vitoriana; Francia (III República e II Imperio); Alemaña bismarckiana; o Imperio Austrohúngaro; Rusia; os Estados Unidos (da Guerra Civil ata comezos do século XX) e Xapón (transformacións de finais do século XIX).	4.2. Analizar a evolución política, social e económica dos principais países europeos, ademais de Xapón e os Estados Unidos a finais do século XIX, e presentar información que explique tales feitos.
A,b,c,d,e,g,h	B4.3. Expansión colonial dos países industriais: causas; colonización e reparto de Asia, África e outros enclaves coloniais; consecuencias.	4.3. Describir a expansión imperialista de europeos, xaponeses e estadounidenses a finais do século XIX, e establecer as súas consecuencias.
A,b,c,d,e,g,h	B4.4. Relacións internacionais. Paz Armada: a Tripla Alianza e a Tripla Entente.	4.4. Comparar sinteticamente os sistemas de alianzas do período da Paz Armada.
A,b,c,d,e,g,h	B4.5. I Guerra Mundial: causas, desenvolvemento e consecuencias.	4.5. Distinguir os acontecementos que conducen á declaración das hostilidades da I Guerra Mundial, e desenvolver as súas etapas e as súas consecuencias.
*A periodización complétase coas explicacións da profesora que contabilizadas como sesións poden ser unhas tres.		
<b>Bloque 5. O período de entreguerras, a II Guerra Mundial e as súas consecuencias</b>		
A,b,c,d,e,g,h	B5.1. Economía, sociedade e cultura da época: os anos vinte.	5.1. Recoñecer as características do período de Entreguerras inseríndoas nos correspondentes aspectos políticos, económicos, sociais ou culturais.

A,b,c,d,e,g,h	B5.2. Revolución Rusa; formación e desenvolvemento da URSS.	5.2. Esquematizar o desenvolvemento da Revolución Rusa de 1917 recoñecendo as súas etapas e os seus protagonistas máis significativos, e establecer as súas consecuencias.
A,b,c,d,e,g,h	B5.3. Tratados de Paz e reaxuste internacional: Sociedade de Nacións.	5.3. Identificar os tratados de paz da I Guerra.
A,b,c,d,e,g,h	B5.4. Estados Unidos e a crise de 1929: a Gran Depresión e o "New Deal".	5.4. Explicar a Gran Depresión e describir os factores desencadeantes e as súas influencias na vida cotiá.
A,b,c,d,e,g,h, m	B5.5. Totalitarismos: Fascismo e nazismo.	5.5. Recoñecer a transcendencia dos sistemas totalitarios europeos como ideoloxías que conduciron ao desencadeamento de conflitos no panorama europeo do momento.
A,b,c,d,e,g,h	B5.6. Relacións internacionais do período de entreguerras; viraxes cara á guerra.	5.6. Comprender as relacións internacionais no período de entreguerras como elementos importantes das causas da II Guerra Mundial.
A,b,c,d,e,g,h	B5.7. II Guerra Mundial: orixes do conflito e características xerais.	5.7. Identificar e explicar as desencadeadores da II Guerra Mundial, así como os feitos máis característicos.
A,b,c,d,e,g,h	B5.8. Desenvolvemento da II Guerra Mundial.	5.8. Establecer as etapas do desenvolvemento da II Guerra Mundial, distinguindo as que afectaron a Europa e as que afectaron aos Estados Unidos e a Xapón.
A,b,c,d,e,g,h	B5.9. Consecuencias da II Guerra Mundial.	5.9. Analizar o papel da guerra mundial como elemento de transformación da vida cotiá.
A,b,c,d,e,g,h, m	B5.10. Antisemitismo: o Holocausto.	5.10. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.
A,b,c,d,e,g,h	B5.11. Preparación da Paz e a ONU.	5.11. Obter e seleccionar información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa á posguerra.

\*A periodización complétase coas explicacións da profesora que non deberían superar dúas sesións.

#### **Bloque 6. Evolución de dous mundos diferentes e os seus enfrontamentos**

A,b,c,d,e,g,h	B6.1. Formación do bloque comunista fronte ao bloque capitalista: Guerra Fría.	6.1. Describir os feitos políticos, económicos, sociais e culturais que explican o xurdimento dos dous bloques antagónicos, clasificándoos e presentándoos adecuadamente
A,b,c,d,e,g,h	B6.2. Evolución das relacións entre as dúas superpotencias. Conflitos: da Guerra Fría á coexistencia pacífica e a distensión.	6.2. Interpretar a Guerra Fría, a coexistencia pacífica e a distensión, e as súas consecuencias, e establecer acontecementos que exemplifiquen cada unha destas etapas das relacións internacionais.
A,b,c,d,e,g,h	B6.3. Evolución da economía mundial de posguerra.	6.3. Distinguir feitos que explican o enfrontamento entre os bloques comunista e

		capitalista, revisando as novas dos medios de comunicación da época.
A,b,c,d,e,g,h	B6.4. Características sociais e culturais de dous modelos políticos diferentes: comunismo e capitalismo.	6.4. Comparar e analizar o modelo capitalista co comunista desde os puntos de vista político, social, económico e cultural, e exemplificar coa selección de feitos que durante este período afectan as dúas grandes superpotencias: a URSS e os Estados Unidos.
*A periodización complétase coas explicacións da profesora que non deberían superar catro sesións.		
<b>Bloque 7. A descolonización e o terceiro mundo</b>		
A,b,c,d,e,h	B7.1. Orixes, causas e factores da descolonización.	7.1. Explicar os motivos e os feitos que conducen á descolonización, e establecer as causas e os factores que explican o proceso.
A,b,c,d,e ,h	B7.2. Etapas e modelos de descolonización.	7.2. Describir as etapas e as consecuencias do proceso descolonizador, e identificar as que afectan a unhas colonias e a outras, establecendo feitos e personaxes significativos de cada proceso.
A,b,c,d,e,h	B7.3. Desenvolvemento do proceso descolonizador: papel da ONU.	7.3. Definir o papel da ONU na descolonización, analizando información que demostre as súas actuacións.
A,b,c,d,e,h,m	B7.4. O terceiro mundo e o Movemento de Países Non Aliñados: problemas dos países do terceiro mundo.	7.4. Analizar o subdesenvolvemento do terceiro mundo e establecer as causas que o explican.
A,b,c,d,e,h	B7.5. Relacións entre os países desenvolvidos e non desenvolvidos; nacemento da axuda internacional.	7.5. Apreciar o nacemento da axuda internacional e o xurdimento das relacións entre os países desenvolvidos e subdesenvolvidos, reproducindo as formas de axuda ao desenvolvemento e describindo as formas de neocolonialismo dentro da política de bloques.
*A periodización complétase coas explicacións da profesora que non deberían superar catro sesións.		
<b>Bloque 8. A crise do bloque comunista</b>		
A,b,c,d,e,h,i	B8.1. A URSS e as democracias populares.	8.1. Describir a situación da URSS a finais do século XX, establecendo os seus trazos máis significativos desde unha perspectiva política, social e económica.
A,b,c,d,e,h,i	B8.2. Irrupción de M. Gorbachov: Perestroika e Glasnost.	8.2. Resumir as políticas de M. Gorbachov nomeando as disposicións concernentes á Perestroika e á Glasnost, e resaltar as súas influencias.
A,b,c,d,e,h,i	B8.3. Desintegración da URSS: CEI-Federación Rusa e as novas repúblicas exsoviéticas.	8.3. Analizar a situación creada co xurdimento da CEI e as repúblicas exsoviéticas, recollendo informacións que resuman as novas circunstancias

		políticas e económicas.
A,b,c,d,e,h	B8.4. Caída do muro de Berlín e evolución dos países de Europa central e oriental.	8.4. Explicar a caída do muro de Berlín e nomear as súas repercusións nos países de Europa central e oriental.
A,b,c,d,e,h	B8.5. Problema dos Balcáns. Guerra de Iugoslavia.	8.5. Identificar o problema dos Balcáns, enumerar as causas do xurdimento de tal situación e resumir os feitos que configuran o desenvolvemento de conflitos nesta zona.
*A periodización complétase coas explicacións da profesora que non deberían superar cinco sesións.		
<b>Bloque 9. O mundo capitalista na segunda metade do século XX</b>		
A,b,c,d,e,h,m	B9.1. Pensamento e cultura da sociedade capitalista na segunda metade do século XX.	9.1. Distinguir os postulados que defende a cultura capitalista da segunda metade do século XX establecendo as liñas de pensamento e os logros obtidos.
A,b,c,d,e,h,m	B9.2. Estado do benestar.	9.2. Describir o Estado do benestar, aludindo ás características significativas que inflúen na vida cotiá.
A,b,c,d,e,h	B9.3. Proceso de construción da Unión Europea: das Comunidades Europeas á Unión.	9.3. Explicar o proceso de construción da Unión Europea enumerando os fitos máis destacados que configuran a súa evolución.
A,b,c,d,e,h	B9.4. Obxectivos e institucións da Unión Europea.	9.4. Coñecer os obxectivos da Unión Europea en relación coas institucións que compoñen a súa estrutura.
A,b,c,d,e,h	B9.5. Evolución dos Estados Unidos: dos anos 60 aos 90.	9.5. Describir a evolución política, social e económica dos Estados Unidos desde os anos 60 aos 90 do século XX, sintetizando os aspectos que explican a transformación da sociedade norteamericana e que constitúen elementos orixinais do Estado do benestar.
A,b,c,d,e,h	B9.6. Xapón e os novos países asiáticos industrializados.	B9.6. Identificar as singularidades do capitalismo de Xapón e os novos países industriais asiáticos, establecendo trazos de carácter político, económico, social e cultural.
*A periodización complétase coas explicacións da profesora que non deberían superar catro sesións.		
<b>Bloque 10. O mundo actual desde unha perspectiva histórica</b>		
A,b,c,d,e,g,h,m	B10.1. Globalización e medios de comunicación: impacto científico e tecnolóxico. Caída do muro de Berlín. Atentados de Nova York. A inmigración como fenómeno globalizado.	10.1. Analizar as características da globalización e describir a influencia dos medios de comunicación neste fenómeno, así como o impacto dos medios científicos e tecnolóxicos na sociedade actual.
A,b,c,d,e,h,m	B10.2. A ameaza terrorista nun mundo globalizado.	10.2. Describir os efectos da ameaza terrorista (yihadismo, etc.) sobre a vida

		cotiá, e explicar as súas características.
A,b,c,d,e,h,m	B10.3. Europa: reto e unión.	10.3. Resumir os retos da Unión Europea no mundo actual, identificando os seus problemas para amosarse como zona xeopolítica unida fronte a outras áreas.
A,b,c,d,e,h,m, n	B10.4. Trazos salientables da sociedade norteamericana a comezos do século XXI, tras os atentados do 11 de setembro de 2001.	10.4. Enumerar os trazos salientables da sociedade norteamericana a comezos do século XXI identificando a transcendencia dos atentados do 11-S e explicando as transformacións e o impacto ocasionado a este país.
A,b,c,d,e,h,m, n	B10.5. Hispanoamérica: situación actual.	10.5. Analizar a evolución política, económica, social e cultural de Hispanoamérica.
A,b,c,d,e,h,m	B10.6. O mundo islámico na actualidade.	10.6. Describir a evolución do mundo islámico na actualidade, resumindo os seus trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais.
A,b,c,d,e,h	B10.7. África islámica, subsahariana e Sudáfrica.	10.7. Distinguir a evolución dos países de África relacionando as súas zonas xeoestratéxicas.
A,b,c,d,e,h	B10.8. A India e China do século XX ao XXI: evolución política, económica, social e de mentalidades.	10.8. Resumir a evolución de China e a India desde finais do século XX ao século XXI, seleccionando trazos políticos, económicos, sociais e de mentalidades
*A periodización complétase coas explicacións da profesora que non deberían superar dúas sesións.		

**1.2. Secuencias: estándares, instrumentos de avaliación, competencias clave por unidade didáctica.** ( en negraña mínimos esixibles para unha avaliación positiva)

Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato			
Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	Temporalización	Competencias clave

Bloque 0. A historia contemporánea: o tempo histórico. Métodos e ferramentas propias da disciplina.			
<b>0.1.1. Recoñece que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).</b>	-Eixo cronolóxico. -Reconstrución temporal narrativa, exercicios de empatía tipo (redacción dunha carta dende a fronte, elaboración dunha proclama, etc)	Ao longo de todo o curso	CSC CMCCT CAA
<b>0.2.1. Localiza e selecciona información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e secundarias, e analiza a súa credibilidade.</b>	-Lectura de fontes históricas na aula e interpretación oral das mesmas.	Ao longo de todo o curso	CSC CD



	-Comentarios de texto e elaboración de composicións.		CAA CCL
<b>0.3.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.</b>	-Observación a través de todos os traballos recollidos pola profesora. -Exposicións orais e todo tipo de intervencións orais na aula.	Ao longo de todo o curso	CSC CCL

<b>Bloque 1. O Antigo Réxime</b>			
1.1.1. Extrae os trazos do Antigo Réxime dun texto proposto.	- Intervencións orais.	½ sesión	CSC CAA CCL
1.1.2. <b>Obtén e selecciona información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa ao Antigo Réxime.</b>	-Comentario de texto. -Comentario de imaxes.	1 sesión	CSC CAA CCL CD
1.1.3. Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais.	-Elaboración de táboas.	½ sesión	CSC CAA CCL CCEC
1.1.4. Elabora mapas conceptuais que explican os trazos característicos do Antigo Réxime.	-Mapa conceptual.	½ sesión	CSC CAA CCL
1.2.1. <b>Explica as transformacións do Antigo Réxime que afectan a economía, a poboación e a sociedade.</b>	-Elaboración dun esquema. -Exposición oral argumentada.	1 sesión	CSC CAA CCL
1.2.2. Analiza a evolución dos trazos do Antigo Réxime do século XVII e o século XVIII.			
1.3.1. <b>Describe as características do parlamentarismo inglés a partir de fontes históricas.</b>	- Elaboración dun comentario de texto.	2 sesións	CSC CCEC CCL
1.3.2. Distingue as revolucións inglesas do século XVII como formas que promoven o cambio político do Antigo Réxime.			
1.4.1. Enumera e describe as ideas da Ilustración e as do Liberalismo de comezos do século XIX.	-Ejercicios de resposta curta, emparellamento e opción múltiple.	½ sesión	CSC

1.4.2. <b>Establece as semellanzas e as diferenzas entre as ideas da Ilustración e o Liberalismo de comezos do século XIX.</b>			CCEC CCL
1.5.1. Sitúa en mapas de Europa os países ou reinos en función dos conflitos en que interveñen.	-Traballo de localización sobre un mapa.	½ sesión	CSC CAA CD
1.6.1. Distingue e caracteriza obras de arte do Rococó.	-Facer unha lista de características estilísticas do rococó apreciables en tres obras (arquitectura, escultura e pintura).	1 sesión	CSC CCEC CCL CAA
<b>2.1.1. Identifica as causas da primeira Revolución Industrial.</b>			
	- Lectura de fontes históricas e textos historiográficos na aula e interpretación oral das mesmas.	1 sesión	CSC CAA CCL
2.2.1. Explica razoadamente a evolución cara á segunda Revolución Industrial.	- Intervencións orais.	½ sesión	CSC CAA CCL
2.2.2. <b>Analiza comparativa e esquematicamente as dúas revolucións industriais.</b>	-Elaboración de táboas.	½ sesión	CSC CAA CCL
2.3.1. <b>Localiza nun mapa os países industrializados e as súas rexións industriais.</b>	-Traballo de localización sobre un mapa.	½ sesión	CSC CAA CD
2.3.2. Analiza aspectos que expliquen o desenvolvemento económico do sector industrial dos primeiros países industrializados, a partir de fontes historiográficas.	-Comentario de texto	1 sesión	CSC CAA CCL CMCCT
2.3.3. Debate en torno ao éxito ou o fracaso da industrialización en España e en Galicia.	-Recollida de datos no caderno da profesora sobre as intervencións no debate.	1 sesión	CSC CAA
2.4.1. <b>Sinala os cambios sociais máis relevantes do século XIX asociándoos ao proceso da Revolución Industrial.</b>	-Valoración oral de imaxes e fragmentos cinematográficos.	½ sesión	CSC CAA

			CSIEE
2.4.2. Describe a partir dun plano a cidade industrial británica.	-Exercicio de creación literaria: <i>imaxina que es un líder sindical, imaxina que es unha obreira téxtil</i>	1 sesión	CSC CAA CCL CD
2.4.3. <b>Identifica en imaxes os elementos propios da vida nunha cidade industrial do século XIX.</b>			
2.4.4. Comenta mapas que expliquen a evolución da extensión das redes de transporte: ferrocarril, estradas e canles.	-Comentario de mapa	½ sesión	CSC CCL CD
2.5.1. Explica as causas e consecuencias das crises económicas e as súas posibles solucións a partir de fontes históricas.	-Comentario oral de textos e debate	1 sesión	CSC CAA CCL
2.6.1. <b>Compara as correntes de pensamento social da época da Revolución Industrial: socialismo utópico, socialismo científico e anarquismo.</b>	-Análise e comparación de textos -Elaboración dunha táboa	1 sesión	CSC CAA CCL
2.6.2. <b>Distingue e explica as características dos tipos de asociacionismo obreiro.</b>		1 sesión	CSC CCL
<b>Bloque 3. A crise do Antigo Réxime</b>			
3.1.1. Le e compara diferentes textos que permitan unha visión global da primeira metade do século XIX	-Desenvolvemento oral sobre a lectura de textos, recollida de notas pola profesora.	½ sesión	CSC CAA CMCCT
3.2.1. <b>Identifica xerarquías causais na guerra de independencia dos Estados Unidos a partir de fontes historiográficas.</b>	-Visionado de fragmentos de cine e documentais, posterior comentario oral.	1 sesión	CSC CCL CAA
3.3.1. <b>Explica as causas da Revolución Francesa de 1789.</b>	-Elaboración de esquema	2 sesións	CSC CCL CAA
3.3.2. <b>Explica esquematicamente o desenvolvemento da Revolución Francesa.</b>	-Elaboración de eixo cronolóxico		
3.4.1. Identifica nun mapa histórico a extensión do Imperio Napoleónico.	-Comentario de mapa.	1 sesión	CSC CAA CD
3.5.1. <b>Analiza as ideas defendidas e as conclusións do Congreso de Viena, e relaciónas coas súas consecuencias.</b>		½ sesión	CSC CCL

			CAA
<b>3.6.1. Compara as causas e o desenvolvemento das revolucións de 1820, 1830 e 1848.</b>	-Análise e comparación de textos.	1 sesión	CSC CCL
3.7.1. Describe e explica a unificación de Italia e a de Alemaña a partir de fontes gráficas.	- Establecer unha evolución en paralelo do proceso de unificación acompañado dunha sele de fontes gráficas (mapas e fotografías)	1 sesión	CSC CCL CD
<b>3.8.1. Establece as características propias da pintura, a escultura e a arquitectura do Neoclasicismo e o Romanticismo a partir de fontes gráficas.</b>	-A partir duna lista mesturada de características distribuír as que se poden adxudicar a unha serie de obras do Neoclasicismo ou do Romanticismo.	½ sesión	CSC CCEC CCL CAA
3.9.1. Análise dun mapa sobre a independencia das colonias hispanoamericanas ao comezo do século XIX.	-Comentario de mapa.	½ sesión	CSC CMCCT CAA
<b>Bloque 4. A dominación europea do mundo e a I Guerra Mundial</b>			
<b>4.1.1. Realiza un diagrama en que se expliquen as cadeas causais e os procesos dentro do período de finais do século XIX e comezos do XX.</b>		1 sesión	CSC CAA
4.2.1. Elabora un eixe cronolóxico con feitos que explican a evolución durante a segunda metade do século XIX de Inglaterra, Francia, Alemaña, o Imperio Austrohúngaro, Rusia, os Estados Unidos e Xapón.	-Elaboración dun eixo cronolóxico.	½ sesión	CSC CMCCT CAA
4.2.2. Explica a partir de imaxes as características que permiten identificar a Inglaterra vitoriana.	-Elaboración e exposición dunha presentación por grupos.	2 sesións	CCL CD CSIEE CAA
4.2.3. Analiza textos relativos á época de Napoleón III en Francia.			
<b>4.2.4. Identifica e explica razoadamente os feitos que converten Alemaña nunha potencia europea durante o mandato de Bismarck.</b>			
<b>4.3.1. Identifica e explica razoadamente as causas e as consecuencias da expansión colonial da segunda metade do século XIX.</b>	-Elaboración dunha táboa de causas e consecuencias, exposición na aula e argumentación.	½ sesión	CSC CAA CCL
<b>4.3.2. Localiza nun mapamundi as colonias das potencias imperialistas.</b>	-Completar un mapa de período colonial, identificar cos estados actuais.	½ sesión	CSC CD CAA

4.3.3. <b>Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre capitalismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.</b>	-Facer una análise guiado de varios textos onde se manexen os conceptos capitalismo, imperialismo e guerra.	2 sesións	CSC CAA CCL
4.4.1. Describe as alianzas dos países máis destacados durante a Paz Armada.	-Facer un mapa conceptual.	½ sesión	CSC CCL
4.5.1. <b>Identifica a partir de fontes históricas ou historiográficas as causas da I Guerra Mundial.</b>	-Lectura de documentos e posta en común na aula.	½ sesión	CSC CAA CCL
4.5.2. <b>Analiza e explica as etapas da Gran Guerra e as principais novidades estratéxicas, bélicas e armamentísticas.</b>	-Facer un exercicio de creación literaria onde queden recollidas ditas características.	1 sesión	CSC CAA CCL CD
4.5.3. <b>Extrae conclusións de gráficos e imaxes sobre as consecuencias da I Guerra Mundial.</b>	-Análise de mapas e gráficos.	½ sesión	CSC CAA CCL
<b>Bloque 5. O período de entreguerras, a II Guerra Mundial e as súas consecuencias</b>			
5.1.1. <b>Explica as características do período de Entreguerras a partir de manifestacións artísticas e culturais de comezos do século XX.</b>	-Visionado de varias curtas e fragmentos de películas e obras de arte plástico e posterior comentario oral.	1 sesión	CSC CCL
5.2.1. <b>Identifica e explica algunhas das causas da Revolución Rusa de 1917.</b>	-Elaboración dun informe.	1 sesión	CSC CCL
5.2.2. Compara a Revolución Rusa de febreiro de 1917 coa de outubro de 1917.	-Análise de documentos e elaboración dunha composición.	1 sesión	CSC CAA CCL
5.3.1. <b>Explica os acordos dos tratados de paz da I Guerra Mundial e analiza as súas consecuencias a curto prazo.</b>	-Elaboración dun esquema.	½ sesión	CSC CCL CAA
5.4.1. Interpreta imaxes da Gran Depresión.	-Exercicio de creación literaria e empatía cunha serie de personaxes anónimos ou históricos da época da Gran Depresión	1 sesión	CSC CCL CAA CD

5.5.1. <b>Distingue as características comúns dos totalitarismos da primeira metade do século XX.</b>	-Obter ditas características a través dunha serie de documentos propostos pola profesora.	1 sesión	CSC CCL
5.5.2. <b>Compara o acceso ao poder do fascismo italiano e o nazismo alemán.</b>	-Sinalar semellanzas e diferenzas na evolución dos dous sistemas a través dun eixo paralelo e argumentando oralmente.	½ sesión	CSC
5.5.3. <b>Analiza a partir de fontes contrapostas as relacións internacionais anteriores ao estoupido da II Guerra Mundial.</b>	- Lectura e comentario oral de textos.	½ sesión	CSC CAA CCL
5.7.1. Identifica e explica as causas desencadeadores da II Guerra Mundial a partir de fontes históricas.	-Elaboración dun eixo cronolóxico que ilustre o avance cara guerra.	½ sesión	CSC CAA CCL
5.8.1. Explica as etapas da II Guerra Mundial tanto na fronte europea como na guerra do Pacífico.	-Elaboración de presentación <b>por grupos</b> : exposición. (debe incluír análise e organización de mapas.	1 sesión	CSC CAA CCL
5.8.2. <b>Analiza o desenvolvemento da II Guerra Mundial a partir de mapas históricos.</b>			
5.9.1. <b>Describe as consecuencias da II Guerra Mundial.</b>	-Elaboración de presentación <b>por grupos</b> : exposición. (debe incluír análise de gráficas e análise de documentos)	1 sesión	CSC CAA CCL
5.10.1. <b>Analiza imaxes que explican o Holocausto levado a cabo pola Alemaña nazi.</b>	-Elaboración e presentación <b>por grupos</b> sobre o Holocausto.	1 sesión	CSC CAA CD CCL
5.10.2. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.			
5.11.1. Sintetiza textos que explican a intervención da ONU nas relacións internacionais e nos asuntos de descolonización.	-Elaboración e presentación <b>por grupos</b> sobre a ONU e o seu funcionamento.	1 sesión	CSC CCL CAA
<b>Bloque 6. Evolución de dous mundos diferentes e os seus enfrontamentos</b>			
6.1.1. <b>A través de una sucesión de imaxes desordenada establecer uns marcos espazo temporais do conflito</b>	-Ordenar imaxes identificando acontecementos y personaxes , aportando una información mínima de cada una.	1 sesión	CSC CCL CAA

6.1.2. <b>Localiza nun mapa os países que formaban os bloques comunista e capitalista.</b>	-Elaboración dun mapa do mundo e outro de Europa.	½ sesión	CSC CD
6.2.1. <b>Identifica e explica os conflitos da Guerra Fría</b>	-Elaboración dun esquema	1 sesión	CSC CAA CCL CD
6.3.1. <b>Identifica o enfrontamento e a simboloxía asociada a cada bloque a través do cine.</b>	-Ver fragmentos de películas e identificar símbolos de cada bando e o enfrontamento ideolóxico	1 sesión	CSC
6.3.2. <b>Extrae conclusións dos textos, imaxes, mapas e gráficas que expliquen a evolución de ambos os bloques enfrontados na Guerra Fría, e sinala a que bloque pertence e algúns motivos que explican esa pertenza.</b>	-Facer unha composición de textos.	1 sesión	CSC CAA CCL CD CMCCT
6.4.1. <b>Explica algunhas características da economía capitalista a partir de gráficas.</b>	-Análise de gráficas.	½ sesión	CSC CCL CMCCT
6.4.2. <b>Explica algunhas características da economía comunista a partir de gráficos.</b>			
6.4.3. <b>Establece razoadamente e comparativamente as diferenzas entre o mundo capitalista e o comunista.</b>	-Facer unha táboa comparativa.	1 sesión	CSC CAA CCL
6.4.4. <b>Identifica formas políticas do mundo occidental e do mundo comunista.</b>			
<b>Bloque 7. A descolonización e o terceiro mundo</b>			
7.1.1. <b>Localiza nun mapa as zonas afectadas pola descolonización e os seus conflitos.</b>	-Elaboración dun mapa	½ sesión	CSC CCL CD
7.2.1. <b>Identifica e compara as características da descolonización de Asia e de África.</b>	-Elaboración dunha composición de textos	1 sesión	CSC CCL CAA
7.2.2. <b>Establece de xeito razoado as causas, os feitos e os factores que desencadean e explican o proceso descolonización. Vincúlaos coa guerra fría</b>			
7.3.1. <b>Explica as actuacións da ONU no proceso descolonizador a partir de fontes históricas.</b>	-Elaboración dun breve informe.	½ sesión	CSC CCL

7.4.1. <b>Analiza as características dos países do terceiro mundo a partir de gráficas.</b>	-Análise de gráficas e redacción dunha conclusión.	½ sesión	CSC CCL CMCCT
7.4.2. <b>Localiza nun mapa os países do terceiro mundo.</b>	-Elaboración dunha composición.	1 sesión	CSC CD CCL
7.4.3. <b>Analiza textos e imaxes do Movemento de Países Non Aliñados e dos países subdesenvolvidos.</b>			
7.5.1. Debate sobre a evolución das relacións entre os países desenvolvidos e os países en vías de desenvolvemento, comparando a axuda internacional coa intervención neocolonialista.	-Toma de datos no caderno do profesor das intervencións do alumnado na debate.	1 sesión	CSC CCL CAA
<b>Bloque 8. A crise do bloque comunista</b>			
8.1.1. <b>Localiza nun mapa as repúblicas exsoviéticas e os países formados tras a caída do muro de Berlín.</b>	-Elaboración dun mapa.	½ sesión	CSC CD
8.1.2. <b>Elabora un eixe cronolóxico que ordena os acontecementos que explican a desintegración da URSS, a formación da CEI e o xurdimento das repúblicas exsoviéticas.</b>	-Elaboración dun eixo cronolóxico.	½ sesión	CSC CMCCT
8.1.3. Compara os países dos Balcáns desde os anos 80 ata a actualidade, utilizando mapas de situación.	-Análise de mapas.	½ sesión	CSC CAA CD CCL
8.2.1. <b>Describe os trazos políticos e socioeconómicos da URSS desde a época de Breznev ata a de Gorbachov.</b>	-Exposición oral.	1 sesión	CSC CCL
8.3.1. <b>Elabora un mapa conceptual sobre a situación política e económica das repúblicas exsoviéticas e a CEI- Federación Rusa.</b>	-Elaboración dun mapa conceptual.	1 sesión	CSC CAA CMCCT
8.4.1. <b>Analiza imaxes que reflicten a caída do muro de Berlín.</b>	-Elaboración dunha composición de documentos (imaxes e textos)	1 sesión	CSC CCL
8.4.2. Explica as novas relacións das repúblicas exsoviéticas con Europa occidental.			
8.4.3. Realiza unha procura guiada en internet para explicar de maneira razoada a disolución do bloque comunista.	-Exposición oral.	1 sesión	CSC CAA CCL
8.5.1. <b>Describe comparativamente a evolución política dos países de Europa central</b>	-Facer un esquema	½ sesión	CSC



e oriental tras a caída do muro de Berlín.			CCL
8.5.2. Describe e analiza as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da guerra dos Balcáns, nomeadamente en Iugoslavia	-Facer unha breve presentación	1 sesión	CSC CCL
<b>Bloque 9. O mundo capitalista na segunda metade do século XX</b>			
9.1.1. Enumera as liñas de pensamento económico do mundo capitalista na segunda metade do século XX.	-Elaboración dunha composición de documentos	1 sesión	CSC CCL
9.1.2. Explica o modelo capitalista dun país elaborando información a partir dunha procura guiada en internet	-Debate sobre as conclusións da investigación.	1 sesión	CSC CAA CCL
9.2.1. Identifica razoadamente as características e símbolos do Estado do benestar.	-Debate sobre fragmentos documentais e cinematográficos seleccionados do que a profesora recollerá valoracións no seu caderno.	1 sesión	CSC CCL
9.3.1. Elabora eixes cronolóxicos sobre o proceso de construción da Unión Europea.	-Eixo cronolóxico.	½ sesión	CSC CMCCT
9.4.1. Relaciona razoadamente as institucións da Unión Europea cos obxectivos que esta persegue.	-Elaboración dun esquema.	½ sesión	CSC CCL
9.5.1. Realiza un eixe cronolóxico dos feitos máis significativos de tipo político, social e económico dos Estados Unidos desde os anos 60 aos 90.	-Elaboración dunha presentación por parellas.	1 sesión	CSC CMCCT
9.5.2. Selecciona e presenta mediante mapas ou redes conceptuais información referida aos Estados Unidos entre 1960 e 2000.			CD CAA
9.6.1. Establece razoadamente as características e os símbolos que explican aspectos singulares do capitalismo de Xapón e a área do Pacífico.	-Elaboración dunha presentación por parellas.	1 sesión	CSC CAA CCL
<b>Bloque 10. O mundo actual desde unha perspectiva histórica</b>			
10.1.1. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais.	-Posta en común da información obtida, aportando documentación no debate resultante.	2 sesións	CAA CSC
10.1.2. Elabora un breve informe sobre as relacións entre inmigración e globalización a partir de fontes históricas.			CD CCL
10.1.3. Extrae conclusións de imaxes e material videográfico relacionados co mundo actual.			CSIEE

10.2.1. Realiza unha procura guiada en internet sobre a ameaza terrorista, organizacións que a sustentan, actos máis relevantes (11-S de Nova York, 11-M de Madrid 7-X de Londres, etc.), os seus símbolos e as repercusións na sociedade (ciudadanía ameazada, asociacións de vítimas, mediación en conflitos, etc.), e analiza e comunica a información máis relevante.	-Exposición oral por parellas. -Valoración da información comprendida a través dun test de resposta curta , emparellamento e opción múltiple sobre o tema.	1 sesión	CSC CD CCL CAA
10.3.1. Identifica os retos actuais da Unión Europea a partir de novas xornalísticas seleccionadas.	-Exposición oral por parellas. -Valoración da información comprendida a través dun test de resposta curta , emparellamento e opción múltiple sobre o tema.	1 sesión	CSC CCL CAA
10.3.2. Explica comparativamente os desaxustes da Unión Europea na relación con outros países ou áreas xeopolíticas.	-Exposición oral por parellas. -Valoración da información comprendida a través dun test de resposta curta , emparellamento e opción múltiple sobre o tema.	1 sesión	CSC CD CCL CAA
10.4.1. Elabora mapas conceptuais sobre os trazos da sociedade norteamericana, agrupados en política, sociedade, economía e cultura.	-Exposición oral por parellas. -Valoración da información comprendida a través dun test de resposta curta , emparellamento e opción múltiple sobre o tema.	1 sesión	CSC CD CCL CAA
10.5.1. Describe os principais movementos políticos, económicos, sociais e culturais da Hispanoamérica actual.	Exposición oral por parellas. -Valoración da información comprendida a través dun test de resposta curta , emparellamento e opción múltiple sobre o tema.	1 sesión	CSC CCL CAA
10.6.1. Enumera e explica os trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais do mundo islámico, e localiza nun mapa os países que o forman na actualidade.	-Exposición oral por parellas. -Valoración da información comprendida a través dun test de resposta curta , emparellamento e opción múltiple sobre o tema.	1 sesión	CSC CD CCL CAA
10.7.1. Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais entre os principais países do continente africano.	-Exposición oral por parellas. -Valoración da información comprendida a través dun test de resposta curta , emparellamento e opción múltiple sobre o tema.	1 sesión	CSC CCL CAA
10.8.1. Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais de China e a India.	-Exposición oral por parellas.	1 sesión	CSC
10.8.2. Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais entre países emerxentes de Asia e África.	-Valoración da información comprendida a través dun test de resposta curta , emparellamento e opción múltiple sobre o tema.		CCL CAA

## 2. METODOLOXÍA.

- Realizaranse actividades individuais ou colectivas co fin de reforzar os coñecementos por parte do alumnado, mellorar a comprensión crítica do contexto histórico e afondar no estudo dos contido.
- Realizaranse traballos de investigación que serán expostos oralmente na aula con apoio das TICs.
- Propoñeranse actividades para a identificación da multicausalidade dos acontecementos históricos, para o desenvolvemento da capacidade persoal de argumentación e para o análises correcto dos recursos gráficos.
- Recomendarase a lectura de obras de narrativa, visionado de películas e documentais relacionados cos temas estudados.

## 3. CRITERIOS AVALIACION

### 3.1 CRITERIOS DE CUALIFICACION

Na **Historia do Mundo Contemporáneo** realizaranse dúas **probos escritas** por avaliación que **suporán un 70% da cualificación**.

Estas probas poden constar de:

- Preguntas teóricas de resposta curta (cuestión breves ou tipo test)
- Definicións de conceptos históricos.
- Cuestións obxectivas para desenvolver, e dicir, de razoamento, nas que o alumnado debe comentar e argumentar respostas.
- Realización de exercicios de tipo práctico (comentario de textos históricos e historiográficos, mapas, gráficas, imaxes, etc).

Na cualificación terase en conta a redacción, as capacidades de relación e síntese a corrección ortográfica e sintáctica así como a utilización do vocabulario específico da materia, e a correcta presentación de probas e traballos.

O **30% restante establécese a partir de:**

- As **actividades** de clase relacionadas coas unidades temáticas que se estuden en cada período: traballos de investigación, lecturas complementarias, postas en común, xogos de empatía, exposicións, comentarios de texto e composicións.
- A **participación** e a **actitude** teranse en conta para decidir a cualificación final.
- As **faltas de asistencia** a clase e os **retrasos inxustificad**os considéranse falta de interese.

A cualificación final de **xuño** obterase a través de unha media entre as cualificacións das distintas avaliacións, sempre e cando todas elas estean aprobadas (alcanzando un 5 como mínimo). A cualificación non se corresponderá necesariamente coa media aritmética das cualificacións parciais, xa

que o profesorado valorará a evolución do alumno/a o longo do curso. As faltas de asistencia e de puntualidade non xustificadas a clase puntuará negativamente.

A cualificación final do curso non se corresponderá necesariamente coa media aritmética das cualificacións parciais, senón que o profesor valorará a evolución do alumno o longo do curso.

- ✓ **Probas teórico practicas 70%**
- ✓ **Traballo diario e actitude en clase: 30%.**

A final de curso, **en xuño**, os alumnos poderán **recuperar** as avaliacións suspensas mediante un **exame final** da materia correspondente as mesmas. O exame extraordinario de **setembro** será referido a **toda a materia do curso, sen posibilidade de examinarse de avaliacións independentes.**